

AGORA SI TOCA!

Durante a crise do coronavirus, UGT e CCOO demostramos con fartura o noso compromiso coa sociedade española, impulsando numerosos acordos, baixo a premisa do consenso, que permitiron a construción dunha inédita rede de protección para o tecido produtivo e as persoas deste país. Con isto, fronte ao ocorrido en crises anteriores, impedimos que se destrúisen millóns de postos de traballo e miles de empresas.

Porén, nun momento en que se empeza a albiscar a saída da crise, o Goberno impide avances en ámbitos esenciais e imprescindibles para a igualdade social e a distribución da riqueza. Avances sen os cales a saída da crise efectuarase, coma en crise pasadas, á custa da clase traballadora. Isto non o podemos permitir.

Por que?

CCOO e UGT reclamámoslle ao Goberno que cumpra cos seus compromisos electorais e coas organizacións sindicais e que poña en marcha unha axenda de reformas sociais para garantir unha reconstrución de país xusta que verdadeiramente non deixe a ningún atrás.

Reformas comprometidas, cuxos piares básicos son o aumento do **salario mínimo interprofesional** e a **derrogación das reformas laborais** e a de **pensións de 2013**; xunto a outros obxectivos como a ampliación dos **ERTE**, a **regulación das plataformas dixitais**, a **lei de igualdade salarial** e un **plan de choque contra a sinistralidade**.

UGT e CCOO esiximos



1) **Unha suba do SMI** que recupere o rumbo de situar o salario mínimo ao final da lexislatura no 60 % da media salarial, como sinala a Carta Social Europea.



2) **Derrogar as reformas laborais**, co fin de modernizar o noso modelo de traballo, marcado e lastrado pola precariedade, a temporalidade, os baixos salarios e a inseguridade. O noso país merece empregos e salarios dignos, de calidade e con dereitos.



3) **Derrogar a reforma de pensións de 2013**, mellorando os ingresos do sistema, derivando aos Orzamentos Xerais do Estado os gastos impropios que aínda hoxe asume a Seguridade Social, e desenvolvendo os acordos consensuados no marco do Pacto de Toledo.

É o momento !

**Necesitamos unha política comprometida
co progreso, a xustiza social e a
distribución da riqueza**



MOBILÍZATE



Galicia

AGORA SI TOCA!